



Secretaría
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
(PONTEVEDRA)

DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN

Nº 1315/2014

ÓRGANO: **CONCELLO PLENO**
TIPO DE SESIÓN: **EXTRAORDINARIA E URXENTE.**

De conformidade coas atribucións conferidas nos artigos 21.1.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.c) da Lei galega 5/1997 de Administración Local e 41.4 e 77 e ss. do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o escrito presentado pola Alcaldía-Presidencia con data 28-11-2014, polo que se motiva a urxencia desta convocatoria na necesidade de someter a Pleno a Conta Xeral do presente exercicio, á vista da Resolución de aprobación do Programa de N mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 do Director Xeral de AGADER, na que se comunica a este Concello que nun prazo de 15 días naturais deberá de presentarse a oportuna solicitude acompañada, entre outros de "certificación do secretario municipal de que a entidade solicitante remitiu as cotas do ultimo exercicio ao Consello de Contas".

Esta Alcaldía procede a convocar sesión do EXTRAORDINARIA E URXENTE do Pleno a celebrar o vindeiro **1 de decembro de 2014**, ás **20:30** horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello.

A Orde do Día é a que segue:

A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA

- 1º.- APRECIACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN.
- 2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2013.
- 3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2014.

A Estrada, 28 de novembro de 2014

O ALCALDE EN FUNCÍONS,

Vº, O SECRETARIO ACCTAL.,

Alberto Blanco Carracedo

Luis M. Lozano Lorenzo